

Cospeito, 1 de xullo de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1907

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 46/2025

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 30 de xuño de 2025, o expediente núm. 46/2025 de axuste á baixa do expediente de suplemento de crédito 26/2025 aprobado polo Pleno o 31 de marzo de 2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores, por importe de 1.033.544,91 €, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 1 de xullo de 2025.- O ALCALDE, José Tomé Roca. P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1916

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2025, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Que se aprobe o Padrón do imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2025, composto por 407 cargos e por un importe total de cotas municipais de 210.074,78 euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de agosto ao trinta de setembro de dous mil vinte e cinco.

SEGUNDO. Que se practique a notificación colectiva das liquidacións e o anuncio da cobranza en voluntaria dos tributos anteriores polos medios habituais e, sinaladamente, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asínao o alcalde, D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira de Muñiz, a un de xullo de 2025, do que eu, como secretario dou fe.

Negueira de Muñiz, 1 de xullo de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda. O Secretario, Óscar de la Parte Chana.

R. 1917

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 02.07.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 02.07.2025 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓNS DE OBRAS** no marco do **PLAN DIPUTACIÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024.**

- Duración: 3,5 meses

- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.381,33**
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **3 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 2 de xullo de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1918

VIVEIRO

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA, PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO AO AMPARO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE VIVEIRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2025/2026 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATEXICO DA POLITICA AGRARIA COMUN (PEPAC) 2023-2027, PARA A CONTRATACIÓN DE CINCO TRABALLADORES NON INCLUIDOS NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2025.

Vistas as bases xerais, anexos e específicas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos- Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Visto o art. 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *"é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal"*.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *"todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico"*.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *"as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- Transparencia.*
- Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección."*